

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	4º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

O Departamento de Educación Física estará formado por Jorge Vázquez Fraga.

O CPI Luís Díaz Moreno está ubicado nun contexto rural no que a maioría do alumnado se expresa en Galego. Polas referencias e a experiencia doutros anos convén mellorar a implicación das familias no centro e no seguimento dos fillos nas tarefas da casa, así como unha maior estimulación de hábitos de vida máis saudables (alimentación, actividade física,...). A nivel de alumnado apréciase falta de motivación e de rendemento académico, aspectos que serán moi tidos en conta na programación e no traballo diario na clase. Neste curso ampliarase o contacto co entorno como medio didáctico (sendeirismo, actividades e xogos no entorno natural,...)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	CONDICIÓN FÍSICA	<p>CONDICIÓN FÍSICA CONCEPTUAIS. Condición física e saúde. Diseño e realización das fases dunha sesión. O quecemento específico. Programación e execución dun plan de condición física Nutrición e saúde IV Efectos negativos de determinados hábitos na saúde e no deporte.</p> <p>PROCEDIMENTAIS. Programación e execución dun quecemento e de condición física. Test de condición física. Mellora das capacidades físicas mediante actividades adecuadas os diferentes niveis. Quecementos autónomos Elaboración e posta en práctica de programacións.</p> <p>I.3.ACTITUDINAIS. Coñecemento e aceptación do nivel da</p>	30	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	CONDICIÓN FÍSICA	propia condición física. Búsqueda da mellora do propio rendemento mediante a autosuperación. Valoración dos efectos positivos da actividade física sobre a saúde. Adquisición de hábitos hixiénicos	30	20	X		
2	HABILIDADES DEPORTIVAS	CONCEPTUAIS. Fundamentos técnico-tácticos de deportes individuais e colectivos. Organización de actividades deportivas. Condición física e saúde. Planificación e execución dun plan de condición física ou de habilidades deportivas Valores do deporte como practicante e expectador Primeiros auxilios e lesións deportivas. Xogos e deportes populares. Actividades na natureza. Normas e seu impacto. 2.1.2.PROCEDIMENTAIS Vivencia dos elementos técnico-tácticos. Potenciación da condición física especial. Actividades recreativas. Elaboración e posta en práctica de programacións. Planificación e organización de campionatos. 19 Quecementos autónomos. 2.1.3.ACTITUDINAIS. Respeto polas normas. Valoración e superación das propias capacidades motrices. Aceptación dos diferentes niveis dos compañeiros , -as Valoración dos beneficios que aporta a saúde. Adquisición de hábitos hixiénicos,.	50	35		X	X
3	HABILIDADES NA NATUREZA	CONCEPTUAIS. Proxecto de actividades na natureza Actividades que se poden facer na natureza: orientación, ... Condición física e deportes na natureza PROCEDIMENTAIS. Sendeirismo. Orientación con mapa e brúxula. Xogos e deportes alternativos. Elaboración e posta en práctica de programacións. ACTITUDINAIS. Valoración das posibilidades do medio natural como espazo lúdico . 20	10	10		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	HABILIDADES NA NATUREZA	Coñecemento e respecto pola natureza	10	10		X	X
4	RITMO E EXPRESIÓN	RITMO E EXPRESIÓN. CONCEPTUAIS Elementos básicos da expresión corporal. Condición física e saúde Comunicación corporal. PROCEDIMENTAIS. Actividades rítmicas. Coreografías. Métodos de relaxación. Elaboración e posta en práctica de programacións. ACTITUDINAIS. Superación de posibles inhibicións psicolóxicas. Valoración da importancia da respiración e da relaxación. Adquisición de hábitos hixiénicos.	10	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	CONDICIÓN FÍSICA	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar e autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Adquirir un dominio suficiente	TI	100
CA1.4 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Adquirir un dominio suficiente		
CA2.2 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Adquirir un dominio suficiente		
CA3.1 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Adquirir un dominio suficiente		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia e facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Adquirir un dominio suficiente		
CA5.1 - Identificar e contextualizar a influencia social do deporte nas sociedades actuais, valorando as súas orixes, evolución, distintas manifestacións e intereses económico-políticos, practicando diversas modalidades relacionadas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	Adquirir un dominio suficiente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Control de resultados e variables fisiolóxicas básicas como consecuencia do exercicio físico. - Autoavaliación das capacidades físicas (como requisito previo á planificación): probas de valoración. - Coidado do corpo: quecemento específico autónomo. - Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: <ul style="list-style-type: none"> - Establecemento de mecanismos para rexistrar e controlar as achegas realizadas polos integrantes do grupo ao longo dun proxecto. - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física. - Capacidades condicionais, planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas (forza e resistencia): <ul style="list-style-type: none"> - Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices. - Capacidades volitivas e de superación. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural.

UD	Título da UD	Duración
2	HABILIDADES DEPORTIVAS	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autoavaliación, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Adquirir un dominio suficiente	TI	100
CA1.4 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Adquirir un dominio suficiente		
CA2.2 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Adquirir un dominio suficiente		
CA2.3 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Adquirir un dominio suficiente		
CA2.4 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Adquirir un dominio suficiente		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Adquirir un dominio suficiente		
CA3.3 - Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando eficientemente as propias capacidades e aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Adquirir un dominio suficiente		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Adquirir un dominio suficiente		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	Adquirir un dominio suficiente		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Practicar e participar activamente asumindo responsabilidades na organización nunha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Adquirir un dominio suficiente		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia e facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Adquirir un dominio suficiente		
CA5.1 - Identificar e contextualizar a influencia social do deporte nas sociedades actuais, valorando as súas orixes, evolución, distintas manifestacións e intereses económico-políticos, practicando diversas modalidades relacionadas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	Adquirir un dominio suficiente		
CA6.2 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando destas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir, sendo conscientes da súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións intencionadas dirixidas á conservación e á mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Adquirir un dominio suficiente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Autorregulación e planificación do adestramento. - Reflexión crítica sobre a importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Esixencias e presións da competición. - Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización. - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Procura de adaptacións motrices para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais. - Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas.

Contidos

- Elección dunha resposta óptima en función do movemento do rival, así como da situación do móbil, se o hai.
- Organización anticipada das accións individuais en función das características do contrario en situacións de oposición de contacto.
- Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo propio e do rival en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Capacidades perceptivo-motrices nun contexto de práctica: integración do esquema corporal e toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz acerca dos mecanismos coordinativos, espaciais e temporais para resolvela adecuadamente.
- Capacidades condicionais, planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas (forza e resistencia):
 - Sistemas de adestramento.
- Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: profundización, execución, identificación e corrección dos erros máis comúns.
- Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices.
- Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e actividade física.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: igualdade no acceso ao deporte.
- Exemplos de deportistas de Galicia de distintos sexos, idades e outros parámetros de referencia.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural.
- Novos espazos e prácticas deportivas urbanas.

UD	Título da UD	Duración
3	HABILIDADES NA NATUREZA	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Adquirir un dominio suficiente	TI	100
CA2.1 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante situacións de emerxencia ou accidentes aplicando medidas específicas de primeiros auxilios.	Adquirir un dominio suficiente		
CA2.5 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Adquirir un dominio suficiente		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Adquirir un dominio suficiente		
CA5.1 - Identificar e contextualizar a influencia social do deporte nas sociedades actuais, valorando as súas orixes, evolución, distintas manifestacións e intereses económico-políticos, practicando diversas modalidades relacionadas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	Adquirir un dominio suficiente		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adquirir un dominio suficiente		
CA6.2 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando destas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir, sendo conscientes da súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións intencionadas dirixidas á conservación e á mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Adquirir un dominio suficiente		
CA6.3 - Diseñar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Adquirir un dominio suficiente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Alimentación saudable. - Prácticas insás perigosas, mitos e falsas crenzas arredor do corpo e da actividade física. - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Suplementación e dopaxe no deporte. - Riscos e condicionantes éticos. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: <ul style="list-style-type: none"> - Xestión do risco propio e do dos demais, medidas colectivas de seguridade. - Actuacións críticas ante accidentes: <ul style="list-style-type: none"> - Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA). - Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar). - Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - similares). - Capacidades condicionais, planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas (forza e resistencia): - Os deportes como sinal de identidade cultural. - Influencia do deporte na sociedade actual en diferentes contextos: xeográfico, cultural, político, económico... - Respecto ás normas viarias nos desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura, saudable e sostible. - O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. - Novos espazos e prácticas deportivas urbanas. - Análise e xestión do risco propio e do dos demais nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade. - Deseño e organización de actividades físicas no medio natural e urbano. - Coidado da contorna próxima, como servizo á comunidade, durante a práctica de actividade física.

UD	Título da UD	Duración
4	RTIMO E EXPRESIÓN	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, do xénero e da diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Demostrar unhas actitudes mínimas	TI	100
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Adquirir uns fundamentos básicos		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia e facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Demostrar unhas actitudes mínimas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	Demostrar unhas actitudes mínimas		
CA5.2 - Crear e representar composicións individuais ou colectivas con e sen base musical e de maneira coordinada, utilizando intencionadamente e con autonomía o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas e axudando a difundir e a compartir estas prácticas culturais entre compañeiros ou outros membros da comunidade.	Adquirir uns fundamentos básicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Educación postural: movementos, posturas e estiramientos ante dores musculares. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza nos medios de comunicación e nas redes sociais. - Efectos negativos dos modelos estéticos predominantes e trastornos vinculados ao culto insán ao corpo. - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles. - Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices. <ul style="list-style-type: none"> - Capacidades volitivas e de superación. - Deporte e perspectiva de xénero: igualdade no acceso ao deporte. <ul style="list-style-type: none"> - Estereotipos de competencia motriz percibida segundo o xénero, a idade ou calquera outra característica. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. - Usos comunicativos da corporalidade: técnicas específicas de expresión corporal. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo. - Organización de espectáculos e eventos artístico-expresivos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A elección dos métodos de ensinanza sempre se fará en función das características das actividades ,das finalidades que se pretenden con elas e do tipo de axuda que precise cada alumno según o momento de aprendizaxe no que se atope.

Os métodos basados na recepción non deben supoñer a simple construción de automatismos ,que carezan de significado para o alumno ,o contrario ,este debe ser consciente de súas accións e poder relacionar cada nova aprendizaxe coas anteriores. Adquiren a súa máxima utilidade nos factores de execución do aprendizaxe motor . Nembargantes ,os métodos por descubrimento teñen maior significado nas actividades nas que se pretende desenrolar o compoñente perceptivo e as estratexias de decisión para a solución de problemas de tipo táctico . Debemos ter en conta que o alumno de secundaria necesita que cada vez se lle organicen menos as actividades , pero precisa dunha información máis especializada .Dita información debe ser clara ,concisa e asimilable .A comunicación dos resultados será rápida (tras os erros) ,motivadora e facilitarlle o coñecemento dos fallos e cómo corríxilos.

A atención será individualizada en función das necesidades que precisen os alumnos en cada momento. Según avancen na educación secundaria solicitarase unha maior autonomía motriz.

Non se lles pedirá libro de texto. Aínda que a maior parte dos contidos se adquiriran por medio da práctica, farán exames teóricos e traballos teórico-prácticos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Considerarase requisito imprescindible para poder realizar as clases prácticas o dispoñer da indumentaria adecuada para a práctica deportiva.

Nas clases utilizaranse os recursos convencionais e non convencionais de que dispón o centro. Vixiarase o seu adecuado mantemento e involucrarase a tódolos alumnos na súa organización e colocación.

Farase uso das posibilidades do entorno e dos seus recursos .

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Test de condición física e de coordinación xer

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	50	10	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Se seguirán os seguintes criterios de calificación:

Opción A Opción B Opción C

Conceptuais 30 % Traballos 30% Procedimentais 40%

Procedimentais 30% Procedimentais 30% Actitudinais 60% (traballo, comportamento, normas.....)

Actitudinais 40% Actitudinais 40%

Dependendo do que se traballe en cada trimestre avaliarase según unha opción ou outra. De ter que elaborar e dirixir en clase unha programación práctica se valorará dentro do apartado conceptual ou de traballos. No caso de que só diseñen obligatoria ou voluntariamente actividades ou xogos soltos se incluírán dentro do apartado de conceptos ou traballos e suporán ata 0.10 puntos dentro deses apartados e cun máximo de 0,5 puntos. Neste caso o resto da nota virá dos outro conceptos ou traballos.

Para acadar como mínimo un aprobado en cada trimestre deberán ter como mínimo un 30% da nota en cada apartado.

Poderán voluntariamente subir nota con traballos ou programacións sumando ata 1 punto a maiores da nota final. Nos traballos se valorarán : a presentación e a puntualidade na entrega, a letra, a ortografía, a redacción, as aportacións persoais, reflexións, capacidade de síntese (resúmenes, esquemas....).

Os alumnos que teñan baixa prolongada por lesión ou enfermidade (con xustificante médico) e non pode facer os exames pr,acticos, deberán presentar un traballo para substituír a parte procedimental e diariamente farán fichas/ traballos sobre algún tema do currículo. Terán estes criterios : conceptos 30 % , traballo 60% (traballo obrigatorio 40 % e traballo diario 20%) e actitude 10 %. Si a baixa e por un período de tempo curto e superior a 4 sesións e pode facer os exames prácticos, o profesor poderá pedirle algún tipo de traballo para facer durante a clase. Se avaliarán dentro do apartado conceptos / traballos cun máximo de 0.5 puntos.

A final de curso farase unha media entre todas as notas.

Criterios de recuperación:

Si un alumno,-a suspende unha avaliación poderá recuperala mediante a elaboración dun traballo relacionado cos contidos impartidos nesa avaliación. De suspender no mes de xuño farán un traballo final relacionado cos contidos da programación do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Procurarase en todo momento a atención a diversidade de intereses ,motivacións e capacidades. Para iso teranse en conta as motivacións dos propios alumnos (intervención na elección dos contidos ,proposta de actividades complementarias e extraescolares ,...) e as súas posibilidades ,de forma que a axuda do profesor individualizárase de forma proporcional a dificultade de cada alumno, para aprender .En todo momento se axustarán a organización, o material, as actividades, a linguaxe,....para satisfacer as necesidades de cada alumno, -a.

Aqueles alumnos ,-as que presenten necesidades educativas especiais contarán coas medidas de reforzo ou adaptacións curriculares oportunas. Neste curso hai un alumno en 3º de ESO con TDA (predominio de déficit de atención e con algo de hiperactividade) . Se adecuarán os elementos non prescriptivos do currículo tanto a nivel metodolóxico como na avaliación segundo o informe orientativo do departamento de orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - CONDICIÓN FÍSICA	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.2 - HABIIDADES DEPORTIVAS	X	X	X	X
ET.3 - ACTIVIDADES NA NATUREZA	X	X	X	X
ET.4 - EXPERESIÓN CORPORAL	X	X	X	X

Observacións:

Tal como a parece reflexado na programación dos contidos, nas sesións de Educación Física se traballarán diferentes valores : o respecto ós demais con independencia das diferenzas individuais, de sexo, raza, lingua,.....; a prevención de conflitos e a resolución dos mesmos ; a educación na responsabilidade e no esforzo ; a cooperación e a solidariedade ; o respecto ó medio ambiente;... A parte actitudinal formará parte da avaliación diaria e será rexistrada .

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sendeirismo	Farán saídas na contorna	X	X	X
Actividades na natureza	Excursión para facer actividades na natureza			X

Observacións:

Algunhas clases serán impartidas no entorno do centro. O alumnado deberá entregar unha autorización firmada polos pais. De non facelo quedarán co profesor de garda e facendo un traballo. Este curso o profesorado de educación física de primaria e secundaria participa no proxecto E saúde. No último trimestre farán unha viaxe para facer actividades na natureza.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Nivel 0: no se ha desarrollado la competencia Nivel 1: se ha desarrollado en parte Nivel 2: se ha desarrollado la competencia pero no por completo Nivel 3: se ha desarrollado la competencia al 100%
Metodoloxía empregada
Nivel 0: no se ha desarrollado la competencia Nivel 1: se ha desarrollado en parte Nivel 2: se ha desarrollado la competencia pero no por completo Nivel 3: se ha desarrollado la competencia al 100%
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Nivel 0: no se ha desarrollado la competencia Nivel 1: se ha desarrollado en parte Nivel 2: se ha desarrollado la competencia pero no por completo Nivel 3: se ha desarrollado la competencia al 100%

Medidas de atención á diversidade

Nivel 0: no se ha desarrollado la competencia Nivel 1: se ha desarrollado en parte Nivel 2: se ha desarrollado la competencia pero no por completo Nivel 3: se ha desarrollado la competencia al 100%

Descrición:

Se avaliarán de forma continúa as actividades das sesións e as unidades didácticas para establecer as modificacións oportunas. O alumnado poderá formar parte da avaliación mediante fichas anónimas de valoración.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Se fará unha avaliación continuada e se proporán melloras

9. Outros apartados